




XUNTA DE GALICIA

DELEGACIÓN TERRITORIAL
DA CORUÑA

Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade

Durán Loriga, 3
15003 A CORUÑA
Teléfono: 981155800 - Fax: 981155801
www.sergas.es



Servizo de Control de Riscos Ambientais

n /ref:JFD/asj

**Sr. ALCALDE
CONCELLO DE FERROL**

Asunto: Informe ampliación Cemiterio Catabois

En contestación ao seu escrito do pasado día 21, rexistro de entrada nesta xefatura territorial 2022/742379, co que traslada o expediente de ampliación do Cemiterio de Catabois para tramitar o correspondente informe desta xefatura e adxunta Proxecto de ampliación elaborado polo enxeñeiro de camiños Antonio J. Durán Maciñeira con data de setembro de 2021, unha vez revisada toda a documentación presentada detéctanse os seguintes incumprimentos:

- 1.- No estudo xeolóxico- xeotécnico que presentan, realizado en xuño de 2007, non se fai constar expresamente que non existe risco de contaminación de captacións de auga para abastecemento, como determina o artigo 28.2 c) do Decreto 151/2014, de sanidade mortuoria de Galicia.
- 2.- Non se respecta o perímetro de 50 metros de ancho libre de toda construción, medido a partir do peche exterior do cemiterio. Non obstante o anterior, os concellos poderán, excepcional e motivadamente, permitir a ampliación de cemiterios xa autorizados sen o cumprimento do requisito relativo a devandito perímetro (artigo 25, puntos 2 e 3 do citado Decreto)

Por iso, desde esta xefatura territorial emítese INFORME DESFAVORABLE a ampliación do Cemiterio de Catabois do concello de Ferrol.

Lémbrolle, en relación co anterior, que dada a súa condición de instrutor do expediente de ampliación e o carácter preceptivo e non vinculante deste informe de conformidade co disposto no artigo 28 do Decreto 151/2014, se a documentación que recabe e/ou as actuacións que no seu caso leve a cabo ese Concello acreditan a resolución das non conformidades descritas, este informe tería carácter favorable. En calquera caso, esta Xefatura Territorial non emitirá ningún novo informe ao respecto.

Aproveitamos para lembrarlle que no caso de que o cemiterio xa existente non conte con autorización sanitaria, poderán proceder a regularizar a súa situación acolléndose ao procedemento extraordinario contemplado na Disposición adicional primeira do citado Decreto 151/2014.

A xefa territorial



Xacobeo 21-22